

# A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

A nosa IV asamblea afirmou unha vegada mais a nosa unión.  
Marcou un camiño a seguir.  
O que xá viñamos percorrendo.  
Agora a traballar rexamente, sin acougo, deica convertilo n-unha realidade.  
ADIANTE, IRMÁNS.

## VERBAS DE CHUMBO

O «lonxe da Terra» aínda sigue sendo esa enfermidade sentimental e contaxiosa que fai chorar de soedades aos emigrantes galegos. Eu non podo negar que a sinto por veces; pero xa non é pol-a lembranza dos eidos nativos nin pol-os anxeios de retornar ao seo da familia, senón pol-a ausencia da Patria. Este sentimento de soedade xa non é eisclusivo dos desterrados, porque todo galeguista sinteo nos intres que agora vivimos. ¿Morar nunha Terra aferrollada non é tan dooso como vivir no desterro?

Hoxe falei cun afador ourensán e os dous tiñamos morriña: él pol-a súa aldea, onde deixou unha moza; eu pol-a miña Terra, onde campan e runflan os políticos alleiros. Cando rematamos a nosa conversa o afador apañou a roda e foise pol-as rúas, a pregoar no asubío os seus anxeios amorosos. Eu quedeime a miralo, envexoso da súa mocidade e da súa sinxeleza, a rillar as miñas arelas patrióticas, coa esperanza entristecida de tanto agardar o trunfo dos nosos ideais de liberdade.

¿Romantismo? Ciciás; pero romantismo novo.

\*\*\*

Hai homes tan amantes do seu pobo que dispois de emigrar, empurrados pol-a necesidade, volven atraídos pol-a «querencia», coa mesma ledicia que sinten os cabalos cando retornan á súa corte. Eles levaron unha visión e apegáronse a ela con tal sentimento saudoso que mereceron a categoría de tipos de novela. E cando chegan sintense defraudados por atopar casas novas, luz eléctrica e xente ben vestida.

Quixeran non atopar alí nada do que viron de bó no mundo, para seren eles os importadores do progreso. Quixeran que todo ficase no mesmo estado, para que as innovacións se realizasen coa súa presenza. Quixeran que a xente ficase como estaba, para seren eles os tipos innovadores. Quixeran que os adiantos do seu pobo natal se lle debesen á súa filantropía... Este amor limitado e egoísta —cáseque animal de tan natural— está ben lonxe aínda de ser confundido co sentimento patriótico dos galeguistas.

Para eles a Terra é o pequeno berce en que nasceron, apenas un fermoso val que ten un río de prata, unhas casas que fumegan e un campanario lanzal. Alí cantan os paxaros mellor que en ningures e a lua ten máis craridade. Alí dáse o mellor pan, o mellor viño e o mellor leite. Alí as festas son máis ledas. Para eles a Terra é tan pequena que aínda non pode chamarse Patria.

En troques para nós os galeguistas, a Terra é tan grande que sómentes alcanzamos a vela nun mapa. Alí hai unha inmensidade de vals, con aldeas, vilas e cidades, e miles de campanarios. Alí viven millóns de labregos e mariñeiros que agardan por un benestar que nós podemos darlle. Alí fábase un idioma capaz de ser vehículo da mellor cultura atlántica. Alí pode rexurdir unha Patria feliz e farturata.

Agardemos un pouco máis e a morriña dos desterrados galegos —que os vellos románticos cantaron tan ben— xa non será esa enfermidade sentimental que doadamente se cura con retornar aos eidos nativos; porque todo-os galegos sentiremos este anxeio grande e ledicioso de asistir ao rexurdimento dunha Patria que parecía morta.

.....

Afoguemos as tristuras na esperanza. Acabemos cos pesimismos e coa melanconía. Nin tanquera nos poñamos tráxicos, porque val máis que morrer pol-a Patria saber vivir para resucitala.

CASTELAO.

## ¿Pero a República e Radical?

A nós parécenos ben que as diputacións, os concellos, o papel de fumar do «Rei de espadas», os mataquintos e o «Pueblo Gallego» poidan ser radicais, e decir, de quen os compra ou os acapara. O que non vemos tan claro é que a República seña tamén un feudo radical, de libre uso familiar ou partidista, que ven a ser o mesmo.

Todol-os partidos do rodeiro ibérico teñen dereito a ser republicanos, a manifestarse como tales e a eisaltar esta forma de goberno dende o punto de vista dos seus ideás, que son o contido precisamente desta palabra, República. Mais non o entende así o señor Gobernador de Pontevedra, ou quen o manda.—Na manifestación republicana que se celebrou en Vilagarcía o 14 de Abril, non poido figurar a bandeira galega, porque así o ordenou o Gobernador de Pontevedra, como, pol-o presidente da comisión xestora dese concello, se lles fixo saber a os orgaizadores da manifestación.—Isto non quer decir outra cousa que a tan sabida de que a República é un privilexio emilianista. Que é en balde esperar dela os futuros de liberación dos pobos ibéricos que outro 14 de Abril a posibilitaran.

Que Galicia no seo da República e unha cousa morta, vendida, sin voz nin voto de ningunha cras, nin siquera pra prestar a súa ofrenda de fé na conmemoración de aquel 14 de Abril, que tantas esperanzas lle fixera concebir. Que hoxe por hoxe todo está arrendado ao partido Radical, onde D. Alexandro diverte a súa chochez en compañía de catro amigos.

O máis grave disto, con todo, é que se fai con un ministro da Gobernación galego, ¿Habería algún catalán que o frente diste ministerio consentise tal? Pois o Sr. Portela Valladares consentiu isto, e pra mais, despois das mil e millenta profesións de galeguismo...

Claro que o seu galeguismo non se pode buscar fora dese precioso libro—onde se inserta o martiroloxio de

Prisciliano como algo moi interesante—que se chama *Ante el Estatuto*, e ise libro estaba feito pra a venda... Non se puido vender o libro, e agora trátase de vender a Galicia.

P. L.

## FLAMENQUISMO

Ista vegada enceta seus conquermos pol-as portas de Galiza e aproveitando un motivo relixioso: Na porción da Soidade, no Barco de Valdeorras, houbo «saetas».

O silencio augusto da noite foi rachado pol-o exótico ulular do «cante jondo» en conserva que serviu o outavoz do Salón García Valle. N-aquél intre o pobo creinte ficou quedo, como ficara logo cando un mozo afeito a entonar alalás n-un enxebre coro ceibou unha, duas e hasta tres «saetas».

Mail-o ridículo mascábase pra sere mais ostentoso aínda, cando pesando casi tanto como a fé, non poido menos de se esteriorizarse ao non ouvir unha derradeira estrofa que se afogou nas gorxas do improvisado «cantaor».

Xentes malévolas fixeron correr trabábase de D. Maxín Siso, o autor. Cónstanos o inicio de ista acusación, como tamén sabemos non era posíbel formular no aito a nosa protesta que interpretarían trabucadamente.

Nin en nome da fé, nin-o da tradición pódese faguer tal cousa que a nós seméllanos mofa. O enxebre n-iste caso sería alumasen o paso das imaxes con caracoles enchidos de olio, como n-outro tempo faguiase n-iste Val.

E Nosa Señora da Barxa—aquela a quen a súa volta de Castela ofrecían os segadores as súas focas—disfrazada de Verónica con un tule de automovilista de 1908 tiña contristada, aínda mais, sua faciana de Santa galega.

L.

Este número foi visado pol-a Censura

## O eterno tema

No Manifesto que a IV Asamblea acordou publicar e que arestora tense espallado por Galicia adiante, recórdase unha vegada mais a inxusticia tributaria que pesa sobor da nosa terra como coitelo criminal que impide o desenrolo da nosa economía e imposibilita que algunha vegada Galicia poida acadar o máis pequeno respiro para vivir unha vida mais ou menos folgada.

Alúdese n-él, jeterno tema! aos Tratados que o Estado hespañol vén realizando con outros países nos que indefectiblemente Galicia resulta eternamente perxudicada.

O derradeiro é o concertado xa en firme co Uruguay.

De goberno en goberno, como unha pelota, andivo este Tratado sin que deica agora fose posíbel chegar a súa definitiva aprobación. O goberno actual decidiuse en firme a que non pasara máis tempo e non podendo levalo ao Palramento, por comenencia política pechado por un mes, tivo a ocurrencia de sometelo a Comisión permanente.

Gracias a que ésta non poido reunirse sigue aínda a cousa pendente do derradeiro trámite, Mais non nos fagamos fagamos ilusións. Cando o Parlamento sexa novamente aberto, o Tratado co Uruguay será aprobado e tamén o concertado coa Arxentina. Haberá maoría de abondo para facelo. Son moi grandes os intreses que hai polo medio.

E de nada valerá que nós nos desfagamos en indinada e xusta protesta. Que enchamos cuartelas e mais cuartelas e fagamos traballar aos caixistas. ¿Quénes somos nós?

Habería unha maneira de impedir que o feito se consumara. A de que os deputados que por Galicia conqueriron unhas actas inmerescidas quixeran, por unha soia vegada, decatarse da súa misión e se uniran para opoñerse rexamente a que o Tratado chegara a firmarse. Mais é moita ilusión esa e nós de antemán non agardamos que suceda.

Aprobarase o Tratado con total-as consecuencias terribes para Galicia e os deputados seguirán atendendo as súas particulares comenencias de orde político e persoal. ¿Qué saben eles de Galicia e qué lles importa a eles Galicia? Cando volte a haber eleccións xa se poñerán d-acordo con quen sexa—caciques redivivos, gobernadores—e como sexa para procurar non perder unhas actas que pescaron no río revolto d-ún 19 de Novembro que por dinidade non pode repetirse.

Aprobarase o Tratado e o ministro galego que aínda fai dous anos fixo vibrar as páxi-

## DO MOMENTO

Pasaron as festas do 14 de Abril nas que en Galicia ficou craramente manifestada unha arela ampra e xenerosa de dispoñerse a recuperar o verdadeiro esprito da República torto e adulterado polos que hoxe dirixen os seus destiños.

Pasou a nosa IV Asamblea na que ademais dos aspectos intrínsecos que atinguen a orentación do noso Partido expresouse, unha vegada mais, que o galeguismo profesa igualmente o desexo e colabora aitivamente no conqurimento da auténtica República.

Dúas xornadas para que os republicáns galegos as teñan decote presentes e mediten na súa significación.

Non é posíbel, ao meu xuício, deslindear o afán de reconquistar a República e o desexo de abranguer para Galicia a súa autonomía e dinificación política.

Unha e outra cousa constituíen para nós os galeguistas as preocupacións inmediatas do momento e os motivos urxentes da nosa aitividade política.

Si cada hora tén o seu afán non hai dúbida que o afán da hora presente é o que fica sinalado.

Os galeguistas temos feito d-élo unha liña de conducta e para seguila estamos hoxe, incruco, deixando para termo menos perentorio os demais aspectos da nosa aitividade e os temas programáticos que constituíen a nosa obriga e razón de existencia.

Con lealdade absoluta. Con ésa lealdade que é o noso máis preciado patrimonio vimos dende fai ano e medio procrmando a todol-os ventos e por todol-os medios a gran verdade e a gran urxencia de que os republicáns galegos decátense a fondo do momento que vivimos.

Fomos nós os primeiros que no campo da política republicán de Galicia, despois da Asamblea de Ourense, percorrimos as cidades galegas anunciando en mitins e asemade popularizando en escritos—a colección de A NOSA TERRA é un fidel testemuño—a necesidade de dispoñerse a aitar e ofrecer frente, roxo e firme, aos que donos dos resortes do Poder andan a retrotaer a vida política galega a tempos que non se poden dinamente conxugar con unha República verdadeira.

E lanzamos ao vento unha bandeira. Un programa mínimo de coincidencia: Republicanización de Galicia. Dinificación da súa vida política. Autonomía.

Non podemos, non podo eu, negar que o Partido Galeguista goza arestora da simpatía cordial e garimosa acollida das demais forzas lexítimamente republicáns que aitan en Galicia.

Máis penso tamén que non abonda. O tempo pasa e xa vai sendo necesario facer algo máis que apraudir as verbas e amosstrar a sinceridade da simpatía.

Compre que non se perda máis tempo. Que cada partido se dispoña a emprender, pol-a súa conta, a laboura rápida e persistente encamiñada a erguer o esprito do noso país, na cidade e no agro, a prol das dúas urxentes necesidades.

Unha situación proselitista, enervorizadora en col da recuperación republicán. E coa mesma emoción, intrés e sinceridade unha igual acción en senso autonomista.

Si coincidimos, hai que demostrar a coincidencia con feitos que ademais son de unha ineludíbel urxencia levar a práctica.

Moito pódese facer n-éste senso. E si se fai eu teño a seguranza de que Galicia responderá con entusiasmo e feitos que no intre oportuno devolvan a nosa terra a súa verdadeira personalidade política mancillada pol-os que hoxe a desgobernan.

Galicia respondeu o 12 de Abril do 31. Responderá igualmente e co mesmo entusiasmo en canto os partidos republicáns se dispoñan, definitivamente, a dar realidade ao que no seu pensamento está firmemente enraizado.

Sin agardar máis tempo. Cada ún pol-o seu lado ou todos xuntos cando sexa necesario. Sin reticencias nin reservas mentaes. Coa lealdade que os galeguistas amostremos e que queremos ollar correspondida en feitos tanxi beles.

Pol-a recuperación da República e pol-a Autonomía de Galicia tendo a evidencia de que os dous postulados serán conqueridos ao mesmo tempo si n-élo hai verdadeiro intrés e desexo.

VICTOR CASAS

## O ESCOTE

nas do seu xornal en airada protesta sostendo unha campaña como outra non se lembra non porá a menor ouxeción. De facelo, xa foi momento cando o goberno acordou matutear o tratado a través das que coidaba facilmente asequebles fronteiras da Comisión permanente.

E por si éso é pouco para asegurar a aitividade do Ministro en col da custión ahí está o seu xornal proclamando co mais sepulcral silencio que non estamos trabucados nin padecemos ningunha susceptibilidade.

Nin siquera por esta vegada, Galicia, terá un valedor na gobernación hespañola.

Que se convenzan os que aínda non o están e necesitan probas e mais probas—aínda co risco de morrer de fame—para decatarse definitivamente de que co sistema centralista—esteña quen esteña no Poder—Galicia non poderá endexamais agardar mais que inxusticias, perxuicios e tamén desilusións.

Fermosa pol-a súa sencillez, fermosa pol-a psicología especial das costumes, por ese algo típico e esencial, peculiar e propio da terra galega, e a vida das nosas xentes aldeans. No nos empeñemos en pintal-a como foi, vida de idealismos, de rosados ensoñares, de íntimas fantasías artísticas, non; pintémol-a como é, unha vida de rudos positivismos, inspirados n-as amargas ensinanzas d-unha realidade abrumadora; esa realidade triste de eixprotación e miserias que pesan sobor o desherrado, que parecen doloroso patrimonio d-o vencido, d-o amargado por total-as ocultas traxedias que laten no fondo do fogar campesino.

Por iso quesabes, debrixase no rostro de cada home do campo, un rictus de excepticismo que xía, e aí n-aqueles ollares fixos, penetrantes, escrutadores, filosóficos unha expresión de encol de todo o que o artificio humano crea sobor-o lenzo deslumbrante d-as pinturas humanas.

Encántanme moitos costumes dos mozos campesinos. Noriega, Aquilino Iglesias, etc. saberán pintárol-as en versos agarimosos e delicados Proisistas como Castelao, Bóveda, Vilar Ponte, Otero Pedrayo, etc., retrarárol-as en amenas descrições. Eu solo podo decirvos qu-as sinto, que as comprendo, porque aquelas costumes son as miñas costumes, e aquel ambiente que respiran e o ambiente qu-eu respiro.

(Remata na páxina 4)



# Aktividades do Partido

## Consello do Partido

Tendo ficado sin nomearse na asamblea os Conselleiros das zonas de Lugo, Vigo, Ourense e Viveiro, compre que os grupos das ditas zonas desinen, de mútuo acordo, os Conselleiros e suprentes.

LUGO: Lugo, Lama, Páramo.  
VIGO: Redondela, Vigo, Bayona.  
OURENSE: Ourense, Provincia agás Barco de Valdeorras.

VIVEIRO: Viveiro, Ribadeo, Mondoñedo, Vilanova de Lourenzán.

Os grupos de cada zona deben comunicarse entre si e participar a oficina do Partido os nomeamentos. Ou facelo cada ún directamente á oficina a que dará os nomes dos Conselleiro e suprentes según resulte da opinión dos grupos.

## Grupo de Araño

Conquerida xá a reapertura do noso grupo de Araño (Rianxo) comenzou a funcionar con gran entusiasmo.

En xunta xeral celebrada elexiu a seguinte direitua:

Conselleiro: Vicente Otero.  
Vice: Xosé M. Miguéns.  
Segredario: Xosé Ramón Miguéns.  
Vice: Gumersindo Miguéns.  
Tesoureiro: Manuel Pimentel.  
Vice: Vicente Rodriguez.  
Bibliotecario: Xerado Miguéns.  
Corresponsal de prensa: Xoan Vicente Rosendo Díaz.

Vocaes: Xosé Bieito Miguéns, Inocencio Laiño, Ramón Martínez, Leopoldo Cés, Manuel Rial, Ramón Lorenzo, Arturo Miguéns, Vicente Quintáns, Miguel Fernández e Ramón Soñara.

## Grupo de Vigo

En xuntanza xeral feita hai varios días, elexiu a seguinte direitua:

Presidente: Ramón Obella.  
Vice: Manuel Cañizo.  
Segredario Xeral: Vicente Suárez.  
Vice: Alexandro R. Meixide.  
Segredario de actas: Augusto González.

Tesoureiro: Xusto Tomé.  
Contador: Xosé Fernández Solleiro.  
Bibliotecario: Casto López Otero.  
Vocal 1.º: Maximiliano Pereiro.  
Idem 2.º: Antón Fernández.  
Idem 3.º: Camilo Nogueira.  
Idem 4.º: Xesús Conde.

## Manifesto da IV Asamblea

Según anunciamos no derradeiro número, foron remitidos aos grupos os correspondentes paquetes contendo exemplares do Manifesto.

Supoñemos chegarían ao seu poder e serían debidamente espallados.

## Pra o moimento de Manoel Antonio

### 5.ª lista de doantes

Recaudado pol-o Grupo Galeguista de Rianxo.

Concello de Rianxo, 123'35 pesetas.  
Coral «Caro o Mar», 10'00; Cándido González, 3'00; Luis Comojo, 2'00; X. Tobio, 1'00; A. Alcalde, 0'50; M. Noya, 0'50; M. R. Castela, 5'00; José L. Castela, 5'00; X. Domingo Reboiras, 0'50; V. Iglesias, 5'00; M. Laiño Melón, 5'00; X. Lesende, 5'00; M. Cebreiro, 1'00; Andrés Domínguez, 1'00; José Galbán, 1'00; Srts. Irmáns Castela, 5'00; X. Fernández Lemos, 5'00; Martín Gómez, 5'00; M. Romero, 1'00; F. Nine Piñeiro, 2'00; José R. Nine, 2'00; Daniel Fachado, 3'00; Manuel Paz, 5'00; B. Rial Fungueirón, 0'25; Ramón Iglesias, 1'00.

V. Quintáns Castaño, 3'00; Manuel Mosqueira, 2'00; B. Cebreiro, 2'00; Carmen Pérez de Raño, 3'00; Antonio Cés, 1'00; L. Caamaño, 2'00; José G. Tarrío, 2'00; R. Fernández Fernández, 5'00; José I. Torres, 1'00; X. Fachado, 2'00; Manuel Ramos, 0'50; Manuel Dourado Cés, 2'50; X. Ferrín, 2'00; María Varela, 2'00; I. Cambeses Iglesias, 1'00; Manuela Lojo, 1'00; Alexandro Fuentes, 2'00; J. Leco Collazo, 1'00; X. Ramón Collazo, 3'00; Francisco Ramos, 1'00; Un obreiro, 5'00; M. Leus, 1'00; Mariano O. Castela, 1'00; Viuda de Viturro, 2'00; X. Cambeses Rey, 3'00; Viuda de Dieste, 5'00; Manuel Queiruga, 1'00; X. Andrés Varela, 1'00; Ramón Varela, 2'50.

Dolores Varela, 1'00; Manuel Otero, 0'50; Manuela Zúñiga, 0'50; Josefa Domínguez, 1'50; Ramona Fachado, 0'50; Carlos Fachado, 2'50; José Caron, 1'00; X. Domínguez Varela, 1'00; Ramón I. Noya, 1'00; Marcial Romero Iglesias, 2'00; José Trabazo, 2'00; José B. Fariña, 5'00; José R. Ramos, 0'50; Jesús G. Otero, 1'00; Manuel B. Pombo, 0'25; Alfonso G. Tarrío, 0'25; Eduardo G. Tarrío, 0'25; Joaquín T. Fachado, 1'00; José I. Vázquez, 1'00; Antonio González, 0'30; Francisco Noya, 0'30; Domingos Vicenti, 1'00; Rafael González, 3'00; Xulio Ramos, 1'00; Flora Santos, 5'00; X. Arcos Moldes, 2'00; X. Domínguez Ordóñez, 6'00; Luis Noya, 0'50; Xosé M. Calviño, 2'50.

Xosé Barral, 1'00; Tenreiro, 2'00; Dr. Peña Rey, 5'00; Hermida, 1'00; F. Domínguez, 10'00; V. Bóveda, 2'00; L. Bermúdez, 1'00; L. Cuevilas, 2'00; Varela, 2'00; Lope González, 1'00; Otero Pedrayo, 10'00; Sayanes, 1'00; F. Vázquez, 1'00; M. L. Losada, 2'00; G. Galeguista de Vilagarcía, 15'00; X. Vaelo Lago, 2'00; Portela Valladares, 100.

Recaudado deica a data, 1000'95 pesetas.

Os doativos o Dr. Quintela Nóvoa-Vilagarcía.

Próxima a se pechar ista suscripción, prégase as persoas que pensen enviar doativos, o fagan o máis axiña posible, derixíndoos o Dr. Quintela Nóvoa, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

## Homaxe aos mártires de Carral e mitin galeguista en Cecebre

O domingo 28 tivo lugar en Carral o anunciado aito, en homaxe aos mártires da revolución de 1846, orgaizado pol-o grupo galeguista da Cruña. En autocars saíron da Cruña uns sesenta afiliados a Agrupación Republicana Femenina, Izquierda Republicana e o Partido Galeguista, xuntándose en Carral c-unha excursión de galeguistas de Cecebre, acompañados pol-o maestro e varias nenas e nenos da escola do citado pobo.

Despois de depositarse varios ramos de frores no moimento o presidente de Izquierda Republicana de Carral pronunciou unhas verbas para asociarse ao acto en nome dos republicanos d-aquela vila. Falaron logo doña Pilar Codesido, en nome da Agrupación Republicana Femenina, os irmáns García Gomez, de Cecebre, e Castro e Villar Ponte, da Cruña, e o representante de Izquierda Republicana don Manuel María González, facendo todos resaltar a significación do movemento de 1846 e a actualidade que seguían tendo os ideais democráticos e galeguistas pol-os que sacrificaron a suas vidas os mártires de Carral.

Despois de cantar o Himno Galego trasladáronse os asistentes ao acto a Cecebre, onde se celebrou un mitin galeguista, presidido pol-o irmán Juan García Gómez que presentou aos oradores. En primeiro lugar doña Elvira Bao de Varela, dirixeuse as mulleres de Cecebre para pedirle que defendesen os dereitos que a República lles había concedido, para declarar que as republicanas coruñesas estaban dispostas a colaborar en todas as campañas de propaganda dos defensores de Galicia e da República. O irmán Seoane fixo logo un estudo dos efectos da ley de Arrendamentos e combateu duramente aos partidos que a aprobaron e que pretendían captar o apoio dos paisanos galegos a quenes tanto perxudica a citada ley. Plácido Castro expuxo o programa do Partido Galeguista fronte aos problemas agrarios e insistiu sobre a necesidade da formación de Grupos que propaguen os ideais galeguistas e impongan a democracia na política do noso agro.

Vilar Ponte fixo unha exposición da indefensión de Galicia no terreo económico, e do seu abandono pol-os gobernos españoles, disertando sobre a necesidade da Autonomía para a resolución dos nosos problemas e combatindo as dereitas, identificadas cos intereses opostos aos da nosa Terra. Xohan Antonio Suárez Picallo exhortou aos campesiños a loitar pol-a diñificación espiritual e pol-a redención económica.

Cerrou o acto Ramón Suárez Picallo, que fixo unha exposición da situación da economía galega, ameazada da compra ruina, e relatou os esforzos que sempre fixeron os galeguistas e os seus deputados nas constituintes por defender os intereses da nosa Terra.

Rematou c-unhas verbas de garimoso saúdo e agradecimento aos republicanos coruñeses que acompañáran aos galeguistas, vendo na súa presenza a promesa d-unha feliz colaboración futura, i-esperando que se decatasen de que a verdadeira Galicia era a dos campesiños que tiñan ante eles, e non a das cidades.

Todol-os oradores, escoitados coa maior atención, pol-o numeroso público, foron largamente aplaudidos, e acórdase para dentro de poucos días a formación d-un Grupo galeguista en Cecebre.

## PONTECESO

### O MOIMENTO A PONDAL

A Comisión recibiu do Uruguay a lediciosa nova de que aqueles bos irmáns ali emigrados dispónense con todo entusiasmo a darlle a quentura da súa adhesión e dos seus cartos á nosa idea do moimento. Pra elo, constituiron un Comité integrado por tres persoeros de cada unha das entidades: Centro Gallego, Casa de Galicia, Centro Arnoya, Irmandade Galeguista e Centro Autonomista Galego, Comité que xa comenzou a súa aitividade, e a labouira pra o conqurimento do fin proposto que, según iles ditivo ali moi boa acollida.

N-unha próxima xuntanza d-ista Comisión atenderase máis que nada a orgaizar dentro e fora de Galiza as suscripcións pra o moimento, e a preparar discursos actos a ise ouxeto.

O Instituto de Lugo enviou un donativo de 50 pesetas. ¡Dios queira que sirva de exemplo!

A COMISIÓN

## Oficina do Partido

Lémbrese aos grupos o deber de enviar á oficina lista de afiliados para o despacho de carnets de cantos non os teñan aínda.

Asemade, téndose acordado que todo irmán debe ser suscriptor de A NOSA TERRA, compre que os Segredarios dos grupos envíen relación de irmáns e domicilios para lles enviar o boletín aos que deica agora non o reciban.

## Follas Novas

Sinxelamense adicado, chegou a nós un exemplar de ¡Ojo con los estudiantes!

Ista obra ven esquirta en castelán, mais pra nós ten o méreto de ser filla d-un irmán que alá por terras d-Asturias loita polo bon nome de Galicia.

Bergueiro López e o autor d-ista obra da que se levan feito dúas edicións: unha en galego, que se agotou axiña; outra en castelán que recende a Galicia co así tanto como a primeira.

Ao correr das distintas páxinas podemos decatarnos de que Bergueiro López sigue sendo tan galego como antes, inda que o destino o lobou pra sempre pra rexión irmán.

Lendo ¡Ojo con los estudiantes! non pode o leitor por menos de ollar as rúas de Santiago, de lembrar tempos que se foron pra non voltar ende-xamais, de soñar con feitos de personaxes con quenes vivimos non fai moito, e a quenes vemos hoxe xustamente caracterizados en Ollo cos estudantes.

Ista comedia lévase posto en escea en: Ourense, Mieres, Lalín, As Cruces etc; o éisito outido fará que se siga representando en outros pobos de Galicia. Desexaríamos que un d-eles fose a Estrada por ser o pobo en que naceu o autor.

## Izquierda Republicana de Pontevedra

O partido de Izquierda Republicana de Pontevedra, celebrou o pasado domingo unha asamblea provincial para entre outros asuntos desinar o seu orgaismo direitivo.

Das súas deliberacions queremos recoller unha proposta do señor Romero Montevinos que se refire á orientación política do Partido na que constan conceitos garimosos para o Partido Galeguista que despois de agradecer fondamente damos extractados e traducidos a continuación:

«Mais esta alianza que en relación cos citados partidos ten de facerse con carater de obxetividade ha de ter un carater subxetivo encol de dous d-eles aos que nos cinguen. Bén comunidade ideolóxica casi perfeita ou Bén identidade de conductas no pasado da segunda República e nas aituacións do Comité revolucionario.

Mais pol-o que atingue á política rexional, ou millor dito provincial, a asamblea declarara a súa especial simpatía, pol-o que á alianza refírese pol-os Partidos Galeguista e Socialista.

Conocidos son por todos os acordos da derradeira asamblea xeral do Partido Galeguista, que fica afirmado como partido de esquerda e tan intimamente cinguido con Izquierda Republicana que poderíase decir son dúas institucións en corpo e unha soa en espírito. Cecáis a única difrencia consista en que nós ollamos mais a Hespaña que a Galicia e eles mais a Galicia que a Hespaña.

O ideario do noso partido que nos permite certa autonomía en materia rexionalista ou nacionalista —chámese como se queira chamar— debe condensarse a este respecto no seguinte postulado:

Galicia é a Patria dos galegos».

A proposta foi aprobada por unanimidade.

## Correspondencia administrativa

Andrés García Ouro. Lugo.—Recibida a súa carta e xiro de 3'00 pesetas que abonan a suscripción deica octono. Gracias.

Xosé M. la Fuente. Puenteceso.—Recibido xiro de 6'00 pesetas que abonan a súa suscripción do ano corrente. Gracias.

## Para artigos de coiro e viaxe:

### Ninguén como

## TALABARTEIRA VEIGA

Senra, 9.—SANTIAGO

IRMAN5: Cando queirades ter unha festa propia d'a Terra, non deixés de chamar os Gaiteiros

## "OS DEZAS"

de Lalín-Monexas (Pontevedra)

CANTO PROPIO.

PAREXAS DE BAILE.

CADRO DE DECLAMACION

## IMPERMEABILIZANTES WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMEDAD E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construccions e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e foletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeral pra Galiza:

Porta da Pena, 6. - SANTIAGO

**MANOEL GÓMEZ ROMÁN**  
Arquiteito  
Vigo

**XERARDO ALVAREZ GALLEGO**  
Abogado e Procurador  
Vigo

**DR. AMANCIO CAAMAÑO**  
Sanatorio Quirúrgico  
Pontevedra

**FRANCISCO Barreiro Salaño**  
Perito Agrícola  
Santiago

**R. GONZALEZ PASTORIZA**  
Abogado  
Vigo

**VALENTIN PAZ-ANDRADE**  
Abogado  
Vigo

**ARTURO LOPEZ TRASANCOS**  
Médico  
Ourense

**ANTÓN PINTOS MIGUEZ**  
Consulta de 12 a 1 e de 4 a 6  
Baión

**XOSÉ F. BORRAJO DACAL**  
Abogado  
Ourense

**COLEXIO LEON XIII**  
VILAGARCIA

**Vda. de Pío S. Carrasco**  
(CASA FUNDADA NO 1894)  
Axente Comercial de Aduanas Colexiado  
FLETAMENTOS,  
CONSIGNACIÓN5,  
TRÁNSITOS.  
VILAGARCIA  
TELEGRAMAS: CARRASCO  
APARTAMENTO NÚM. 3

Prelo de LA POPULAR.—Charino, 7  
Pontevedra



# Propostas aprobadas na IV Asamblea

O irmán que suscribe do grupo de Rianxo, ten o honor de someter a Asamblea os seguintes artigos que coida comenmente se insertaran no Programa do Partido na parte referente o Fomento Pesqueiro.

## PRIMEIRO

*Deslinde da pesca costeira e da ría con lexislación especial pra cada unha.*

Atendendo a configuración xeográfica e marítima de Galiza, e tamén os procedimentos de pesca e clases de peixe que no noso litoral existen, compre que se deslinde esta industria natural en duas seccións que corresponderían a unha as rías e outra a costa ou mar aberto. Son as rías galegas esencialmente marisqueiras a pesar do descoído e abusos constantes de que veñen sendo ouxeto; os procedimentos usados n'elas pra pesca tanto das especies sedentarias coma das viaxeiras, así como tamén a calidade de peixe que n'elas se apañan, son completamente distintos os procedimentos pesqueiros e peixe, que hai nas costas, pois mentras que n'estas tópanse o peixe grande e percíscanse artes que baixen a bastante profundidade, nas rías mátese o peixe miúdo con artes apropiadas pra a escasa profundidade d'elas, sin esquecer por ser o fundamental, a súa condición de viveiros naturais pros mariscos tan estimados no mercado. Compre o meu ver polo tanto, adoutar esta separación.

## SEGUNDO

*Considerar as rías como grandes comarcas naturais e dotalas de orgaos especiais pra o seu aproveitamento e vixilancia, que ademais do persoal técnico preciso, tivesen representación mediante elución, os Aumontamentos, da ría. Este orgaño encargaríase de vixiar informar e encauzar todos os asuntos referentes a elas; como obras de porto; repoboación; sistemas pesqueiros; artes, etc.*

Do mesmo xeito que a comarca agrícola se lle considera persoalidade propia por ofrecer características capaces de determinala, ofrecen as rías galegas a mesma uniformidade (cada unha d'elas en por si), pra avencellalas n-unha administración, vixilancia e fiscalización capaz de facer tornar a elas a riqueza inmensa de mariscos

que aínda hai poucos anos había. D'eiqui a necesidade d'un orgaño con parte técnica e parte eleixida que poidese aunar as necesidade momentáneas do pescador e a defensa da materia prima. Non somentes se confinaria a isto, senón a información de todo o que n'elas se fixere, como obras de porto que moitas veces os trazados oficiais poden traer danos o levalos a construción, pois pódense determinar correntadas, aluviós, etc. que perxudicasen, pois nos momentos autuás solo se ciñen os inxenieros os ventos e correntes pero non co-as miras que dixemos; Regramentación da colleita; Artes usadas; Vixilancia na veda, etc. D'eiqui o crear na necesidade deste orgaño.

## TERCEIRO

*Suspensión de todos os dereitos que as autuás Comandancias exercen sobre a pesca e marisca pesqueira, dándolle estes poderes os orgaos de banditos.*

E d'abondo sabida a nulidade que caracteriza a estes orgaos que actualmente temos, onde unicamente se pretende enrolar a todo mariñeiro que a él acuda, en beneficio propio ou alleo, pero sempre c'un fin noxento de egoísmo e non de xusticia o mariñeiro. Toda a lexislación actual sobre a pesca, e que as Comandancias están encargadas de faguer cumprir, é o mesmo que non existise, pois cando non por negligencia intenzada, por incapacidade dos seus encargados que non coñecen mais que o burocratismo, han de xurdir contendas que perxudiquen a clas mariñeira.

\*\*\*

Coidando que debandito poida ser un ben, someteo a Asamblea pra que ela diga si estou no certo ou trabucado.

MANUEL R. CASTELAO.

Rianxo 14 de Abril 1935.

SI QUEREDES  
XANTAR BEN  
IDE A  
**CASA PEPE**  
Dr. Cadaval, 13 VIGO

# Proposta que ó Grupo do Grove somete a IV Asamblea do Partido Galeguista

## Artes de pesca

As Reales Ordes do 31 de Xulio do 1918 e 18 de Setembro de 1928 prohibían dunha maneira terminante a pesca con toda crás de aparellos de arrastre, co excepción do chamado «rapeta» que estaba autorizado en determinadas condicións e con veda nos meses de Xunio, Xulio e Agosto.

Pra servir bastardos intereses n-unha reunión celebrada en Vilagarcía no pasado ano e presidida pol-o Delegado de Pesca da Rexión noroeste, tomouse o absurdo acordo de autorizar a pesca coas artes de «arrastre» sin suxección a veda algunha, estando en vigor as disposicións citadas.

Como é manifesta a infracción das devanditas Reales Ordes cos naturás e irreparables perxuícos que orixinan a Galicia na súa riqueza pesqueira e máis inmediatamente os que viven dos produtos do mar; é de urgente

precisión que o Partido Galeguista dando cumprida mostra dos seus postulados se apreste a velar por is es sagros intereses que tan cerrilmente se atopan lesionados. Pol-o exposto a Asamblea propomos:

Que se faga unha protosta en col da absurda autorización concedida infrinxindo as Reales Ordes do 31 de 1918 e de 18 de Setembro de 1928, pra poder adicarse a pesca coas artes de arrastre chamado «bous», «boliches», «jábegas», «rapetas», etc., e interesar a vixencia das disposicións que prohiban a pesca con estes aparellos de arrastre e ademais facer unha campaña xunguida as que se veñen facendo en col dos innúmeros perxuícos que arren se fan a Galicia e que colman a medida da nosa mansa resignación.

O Persoero  
XACOB BARRAL OTERO

# A realidade política de Galiza

Moito se ten falado en col da redenzón do labrego, d'ise coitado que popula polo agro «Celta» sen que as suas angueiras de liberdade e melloramento vexáñse feitas realidade, cousas istas que até hoxe vense reducidas as verbas ditas nos discursos.

Na Galiza socede que todo home que desexa alcontrar un posto de mando no terreo político, faino ca *boa intención* de conquistar a súa personalidade e a dos seus achegados, sin decatarse pra ren d'aqueles a quenes representa ou administra. Cando volta a ter necesidade dos garimosos votos, a decidir, cando chegan as eleccións, torna o paisano, o cidadano de terceira clás, pra que co seu esforzo o axude a saír triunfante, pra ilo falelle das suas aspirazóns, da situación económica social e da redenzón, e o paisano asoballado, o sofrido labrego, abre no seu corazón ise paréntesis d'espranza, ve con ledicia un porvir e deixase levar por aquel que o enganou denantes e voltará a enganar de novo. Galiza, vive hoxe o mesmo que fai

dous ou tres séculos: as ideias siguen da mesma maneira que aló na tempada medio-eval; eiqui soio cambiaron os homes.

Ista e, sinxelamente, todá a realidade política qu-impera hoxe no seo rural da nosa terra, da terra doida onde se frabican os politicos e na que por dereito de suceson herdanse os cacicatos. Si algo hai nela que nos amostre un adianto, un paso dado no camiño do progreso e da civilización, non proven da axuda do centralismo, se non do sacrificio imposto por algúns fillos de Galiza por disgracia non todos, que coñecedores dos seus problemas vitales, erguíronse en actitude patriótica levando na testa a estrela e nos beizos o berro subprime da liberdade que con verbas cheas d'amore a terra deixou grabados o noso Brañas.

Non creio que haxa galego que non sinta aló, dentro da súa i-alma, algún sentimento nobre pra terra en que nasceu, pro, iste sentimento deixano trocar, en comenencias políticas, contentándose con un pequeno carguño e ficando disa maneira amarrado pra tod'a vida os mandatos e caprichos do señor. Polo visto, tod'o eiqui hai de bon, non foi feito pra que goce con

ilo o sofrido paisano que como decía Cánovas: «vende su conciencia por un vaso de vino». Unha proba mais do barbarismo dos centralistas. Nos cegos, non despertamos do sono en que parece estamos metidos o ouvir normarnos de tal maneira; a algúns nén o cór se lle rube as facieiras, isos non son dños de chamarse fillos desta garimosa nai.

En col de Galiza, pesa o poder centralista, por riba da terra galega, voa cal paxaro agoreiro na mán tiránica do fidalgo castelán, poder e man que transforman os herdeiros dos Celtas en pobo de mártires e escravos.

Isto e todo o que hai de certo, nunha terra onde viven dous millóns e medio de i-almas condenados a ser redimidos polo seu propio esforzo, e onde ser ceibe é o mesmo que ser *criminal*. Isto e, dimpois de tantos anos de prédica o que hai disa redenzón de que nos falan os políticos nos discursos e artigos de xornaes, onde non se ve outra cousa mais que verbas, moitas verbas. Pro, non está moi lonxe o día en que a redenzón veña o lar dos Celtas, e non será traguida a il polo fárrago político se non polo mesmo paisano; chegará o día no que a conciencia galega, que hoxe dorme, desperte; entón ouviremos soar o «clarín» que nos anuncie, unha nova xeira de resurdimto da raza que moura aniquilada polos esbirros d'un pobo de fidalgos sedentes de mando.

Vilanova-Lalín Abril do 1935.

XAN PAS S.  
Maestro Nacional

CAFÉ  
**GALICIA**  
Cantón Grande  
A Cruña

Os Galeguistas pararan en Sant-Iago no "Hotel Europa" DE RAMON MORANDEIRA

# PARTIDO GALEGUISTA DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS

- I Galicia, unidade cultural.—Afinamento das características da personalidade galega: lingua, arte, espírito.
- II Galicia, pobo autónomo.—Autodeterminación política de Galicia dentro da forma de goberno republicana.
- III Galicia, comunidade cooperativa.—A terra pra o Traballo; o traballo pra Terra.
- IV Galicia, célula de universalidade.—Anti-imperialismo, federalismo internacional, pacifismo.

## Programa do Partido aprobado na I Asamblea

### I.—ORGAIZACIÓN DE GALICIA

- 1.º Creación d-un orgaño galego de base exclusivamente democrática e con facultades deliberantes pra rexir, con autonomía integral, os intereses da Galicia.
- Como aspiración mínima e inmediata, atribución a aquel orgaño do máximu de facultades que a Constitución da República concede ós territorios autónomos.
- 2.º Conseguinte supresión das Diputacións provinciais.
- 3.º Prena autonomía municipal, recoñecendo a personalidade administrativa da parroquia rural e da comarca, con dereito a administración dos seus peculiares intereses.
- 4.º Incorporación a Galicia das terras colindantes que teñan comunidade étnica, histórica e lingüística con ela, sempre que se determinen a elo por medio do plebiscito.

### II.—POLITICA

- 1.º Igualdade de dereitos políticos pra a muller.
- 2.º Prensidade de dereitos políticos pra os funcionarios.
- 3.º Incapacidade dos que, podendo, non rindan función útil a colectividade, pra ser eleixidos pra os cargos políticos.
- 4.º Estudo de una fórmula que permita os emigrantes ter representación directa na organización política de Galicia.
- 5.º Representación proporcional, con grandes circunscricións, pra elección da Diputación de Galicia.
- 6.º Práctica das institucións de democracia directa—referéndum, recall, concello aberto—na organización política galega.
- 7.º Adopción de procedimentos eficaces que eviten a corrupción electoral e o falseamento da vontade popular.
- 8.º Control xurisdiccional sobre a actividade administrativa e fiscal do organismo galego e dos concellos.
- 9.º Responsabilidade económica da administración pol-os danos que os seus axentes causen os particulares no exercicio das funcións públicas.

### III.—TRABALLO

- 1.º Apricación á Galicia das normas internacionaes da lexislación do traballo.

- 2.º Recoñecimento de dereitos sindicais.
- 3.º Réxime integral de seguro social, previsión e xusta participación familiar do traballo no beneficio.
- 4.º Eliminación dos menores de 16 anos do traballo industrial e regramentación e vixilancia do seu traballo familiar, fándose compatible ca sua formación física e moral.
- 5.º As escolas de traballo e os ingresos que as manteñen aferidos o poder galego. Creación de escolas de orientación profesional.

### IV.—PROBLEMA AGRARIO

- 1.º Creación de centros técnicos de investigación i-esperimentación agrícola, forestal e pecuaria, con seccións adicadas á orgaización cooperativa, divulgación i-enseño directo.
- 2.º Estacións pra ensaios de selección e alimentación animal. Escola Veterinaria.
- 3.º Medidas lexislativas que favorezan a orgaización cooperativa e a sindicación facilitando a adopción de métodos de mellora e selección agrícola e gandeira e o fomento do creto agrario.
- 4.º A repoboación forestal patrimonio de Galicia. Repoboación intensiva dos montes comunaes pol-o orgaño galego e creación e fomento de zonas de pastoreo. Sindicación forzosa pra a repoboación dos montes de propiedade privada. Protección da industria madeireira. Seguro forestal
- 5.º Medidas lexislativas i-económicas que intensifiquen a electrificación rural.
- 6.º Regramentación da edificación rural en orde á hixiene e de acordo co arte paisán e cas comenencias locais. Concursos que movan ó estudo e divulgación de pranos pra construcións modelo. Estímulos económicos pra a sua execución.
- 7.º Libre importación do millo, namentras o consumo da poboación e o cambio hacia unha alimentación máis racional do gando así o esixan.
- 8.º Escolas rurales de formación campesiña que soergan a comunidade aldeán fomentando o espírito comunal, inculcando o apego ó chán nativo e sentando unha ampria base de cultura técnica e agraria.
- 9.º Regulación da propiedade rural tendende á libertala de de toda carga pra quen a traballa:
  - a) Arrendamentos.—Limitación do dereito de propiedade sobre fincas arrendadas a traballadores do campo, i-estímulo pra a sua liberación; dereito de retracto, axuda económica, participacións nas melloras.
  - b) Foros.—Liquidación do problema foral mediante a extinción forzosa das rendas sin que se faga a costa do pequeno propietario rural.
  - c) Concentración parcelaria.—Disposicións que impidan a excesiva fragmentación do chan nas transmisións da propiedade.
  - d) Creto real.—Imprantación do sistema. Torrens de mobilización, rexistro e seguro da propiedade inmobre. Banco agrícola cooperativo.
- 10 Consideración da terra como instrumento de traballo pra os pequenos propietarios: declaración de esención da contribución por rústica a favor d-eles, si xustifican non ter outros medios de fortuna que a retribución do traballo manual. Inembargabilidade dos predios nas mesmas condicións.

- 11 Consideración dos edificios e vivendas rurales como accesorios da terra que cultivan os seus habitantes e abolición da contribución urbana que as grave.

### V.—FOMENTO PESQUEIRO

- 1.º Retorno os principios colectivistas tradicionaes no réxime económico da pesca galega, por vía da cooperativa especificamente peixeira con orientación técnica e social.
- 2.º Creación de piscifactorías pra repoboación dos ríos gallegos.
- 3.º Repoboación das rías con especies sedentarias, industrializando o seu aproveitamento.
- 4.º Desgravación arancelaria das materias primas das industrias pesqueira e conserveira.
- 5.º Creación de grandes portos pesqueiros modernos e pequenos portos de refuxio.
- 6.º Protección de novas industrias adicadas a grande pesca.
- 7.º Escolas de pesca. Laboratorio costeiro. Estacións meteorolóxicas e radiotelegráficas.

### VI.—POLÍTICA FISCAL

- 1.º Deslinde do réxime fiscal do Estado, do poder autónomo e dos municipios.
- 2.º Supresión do 20 por 100 de propios e do 10 por 100 de aproveitamentos forestaes e de total-as consignacións dos presupostos municipais que sosteñen servicios alleos os concellos ou as mancomunidades.
- 3.º Supresión do imposto de cédulas persoaes e creación de un carnet de identidade que as sustitua.
- 4.º Creación de un imposto progresivo sobre a renda.
- 5.º Dereito de espropiaçión a favor do orgaño galego nos casos de ocultación fraudulenta.

### VII.—CULTURA

- 1.º Soberanía de Galicia sobre o seu patrimonio cultural e artístico.
- 2.º Soberanía de Galicia pra determinar a orientación das suas institucións pedagóxicas.
- 3.º Galeguización do ensino.
- 4.º Dereito indiscutible ao emprego do noso idioma e cooficialidade co castelán.

### VIII.—PROBLEMAS XURÍDICOS

- 1.º Recoñecimento das modalidades do dereito civil galego: compañía familiar, dereito sucesorio, etc., etc.
- 2.º Igualdade de dereitos civís pra a muller casada no caso de emigración do marido.
- 3.º A función dos tribunales de xusticia rematará en derradeiro recurso en Galicia nos casos de aplicación da lexislación galega.
- 4.º Amplitude do dereito de espropiaçión que faga posible a socialización de riquezas naturaes i-emprezas económicas e unha extensa municipalización de servicios públicos.

Galicia, Nadal de 1931.



Redacción - Administración:  
Rúa de Totuán, 2-1.º - Pontevedra  
SUSCRICIÓN: 3 pesetas semestrais.  
Pago adelantado.  
Número solto: 10 cts.

# A nosa terra

SEMANARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

Año XIX

Galiza, 4 de Mayo do 1935

Núm. 364

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade cooperativa.
- IV. Galicia, célula de universalidade.

## NAZONALISMO GALEGO

VII

Complicadas de diversas sortes con movementos concomitantes do máis difrente carate, as loitas nacionalistas enchen o século XIX, agudizadas en certas épocas: 1850, 1848-50, 1870, obtendo os máis variados éxitos e derrotas. Por fin, consiguéuse asentarse no dereito internacional a *Teoría das Nacionalidades*, de procedenza italiana e liberal, dende logo insuficiente, e ademais acosada a confluídos. E de todos modos, raramente unha nación obtivo a súa liberdade sen intervención das armas. Cumprían teorías menos radicaes. Cumprían teorías que posibilitaran a existencia libre das nacións sen crebar os Estados históricos, que fixeran doada a convivencia de varias nacións adentro do mesmo Estado.


A solución coidaron moitos q'uestaba no federalismo. As monarquías absolutas estaban centralizadas; co despotismo ilustrado volvéronse ademais uniformadas, e foron gobernadas en forma burocrática; a Revolución francesa conservou integramente - e aínda agravouno - iste herdamento do antigo réxime: foi centralista e burocrática. Mais despois erguéronse en todas as nacións partidos federalistas ou descentralizadores (partido girondino en Francia, republicano-federal na Hespaña, democrata nos Estados Unidos d'América). Moitos países americanos gobernáronse en forma federal. Derradeiramente, na mesma Fracia, eixemplo máisimo de centralismo, de donde o remedou Hespaña, colleu gran pulo o federalismo, u ao menos, unha corrente anti-centralista (Vivieu, Randot, Charles Brun, Maurice Barrés, Gustave Le Bon, León Duguit). Enantes, chegouse a concepción utópica do federalismo integral, inspirado en Proudhon, e que compartía na Hespaña, Pi y Margall. Era unha federación unversal graduada que volve ter reviviscenzas atenuadas no movemento *Paneuropa*, e n-outros, e qu' aínda se pode rastexar no programa do Partido Galeguista.

Mais o federalismo non somentes camiñou cara a utopía, senón que sofreu deformacións en senso uniformista (p. eix. con Pi y Margall) ou desvirtuose en procura da autonomía provincial, da autonomía municipal, da autonomía sindical, etc., etc. Houbera sido algo, se fora unha aplicación da teoría das nacionalidades a organización interior dos Estados, mais nono foi.

Non embargantes, o dereito público moderno ofrece, dende a guerra p'racó, solucións que, modificadas, poden resolver o problema n-un senso de concordia. Unha das formas e a imperfecta (mais de doada ulterior elaboración) teoría das *minorías nacionais*. O movemento das minorías procura, sen crebamento da autoridade dos Estados existentes, qu' os grupos nacionais diferentes que forman parte d'íles obteñan aquelas reivindicacións d'orde económico, lingüístico ou religioso a que teñen dereito. Unha condición que s'eixe ao grupo que queira pertencer a Unión de Minorías nacionais, e a de lealdade ao Estado de que forma parte, de precurar a resolución do seu problema d'acordo co-íl, e de non prantexalo en forma separatista. E un movemento esencialmente pacífico. Ten isto de bó, e ten tamén o de tender en cada caso a resolución de reivindicacións concretas, sen perderse en teorías xerás desageitadas, senón operando d'unha maneira real e práctica. Ten de ruín, o estar formulado de modo individualista, considerando a minoría nacional coma un agregamento de homes, máis ben que coma un corpo social natural. Cra'restá que ata certo punto - moi imperfecto aínda - considéranse coma tales as chamadas *nacionalidades homogéneas*, mais de todas as maneiras, compre unha longa elaboración da teoría.

Teoría que, ademais, moveuse deica agora no campo do dereito internacional. O que cumpriria sería tamén traguela ao do dereito público interno. D'iste xeito, sería máis doadamente acetada pol-os Estados históricos.

VICENTE RISCO.



En León celebrouse un mitin da Ceda no que falou, como unha persoa maor, o «joven» deputado pola Cruña, Mendez Gil Brandón. Parece que no mitin houbo de todo e incluso interrupcións airadas de elementos dereitistas da outra banda.

O deputado cruñés, que xá alterna polas «plazas» hespañolas falou entre outras cousas do manido tópico do fracaso do liberalismo.

Está ben. Mais nós que nos coñecemos ao novo orador cedista sabemos n-aquelas eleccións que no ano 30 quixo facer Berenguer pretendía presentar a súa candidatura «regionalista» por Padrón e andivo polas terras padronesas agarimando as sociedades agrarias para conquistar o propósito.

Ademais facía alarde de ser amigo de Cambó e facía pinitos regionalistas.

O tempo veu a demostrar a sinceridade política do abogado cruñés que agora xá non se lembra do seu «regionalismo» e figura na Ceda que é a antitesis do regionalismo.

Non tén talla o señor Xil mais si a tivera seguramente estábamos diante de un caso semellante ao de Calvo Sotelo que tamén era «regionalista» nos seus comezos políticos e agora e un denodado defen-

sor de «la unidad nacional», «la integridad de la patria» etc.

Estes galleguitos listos... como diría un madrileño castizo.

Onte en Madri debéronse xuntar os rectores da política gubernamental para lle rendir un homaxe ao nomeado Embaixador en México. Un homaxe indubidabelmente fervoroso e cheo de cordial expositivez que na provincia de Pontevedra se fixo de comensales ao banquete.

¡Hai que ver o sacrificio que supón para esa xente saír de Galicia as cinco da mañán en coche para Madri a botarse pol-o menos quince horas de viaxe por esas estradas!

Todo sexa pol-a maor gloria da República, da política que mandan facer e sobor todo... polo precio.

Un viaxe a Madri por seis pesos ida e volta non se fai mais que cando un elevado motivo o require... e non queda mais remedio que obedecer.

QUE NO SE VAYA. QUE NO SE VAYA.

Porque si se vai, cousa que non creemos, acabáronse os viaxes a Madri por ése precio.

## O ESCOTE

(Ven da primeira páxina)

Teño visto moitas veces nas feiras dos pobos, cruzar as calles ademirándose de todo, deténdose a escrudiñar o detalle máis pequeno d-un escapate, comentando a-o oído as súas impresións, como se comenta n-aldea ou traxe de festa que viste a veciña, ou as primeiras moniciós d-un matrimonio en ciernes...

Os aldeanos van a taberna durante esos días. A fonte de pulpo e o manjar exquisito e imprescindibel; non aí feiras nin festas se non aí pulpo, pingando aceite, entre xeros e xeros de mosto que ferve, inspirando contos e lendas d-encantadora sencillez: a venda da mula, o casamento da rapaza, a dote do maorazgo...

E logo a apoteosis da festa: o escote. ¡Escena divertidísima! Presencieina en moitos cubertos das nosas feiras. O viño, o pan e o aceite, custou unhas cadelas; seis réas, sete, dez, catorce... Ai que averiguar a parte proporcional de cada comensal. E aí m-os tendes facendo contos pol-os dedos. Pagando a dous réas e medio, sobra un cáñ; pagando a dous e cadela, faltan quince céntimos. De pronto surxe unha voz: ¡Ei...! esas cadelas que sobran, pra viño; i-o taberneiro sirve outra canca, que todos proban, que saborean todos, lentamente, soavemente, entre bromas e chistes, algunhas veces inocentes, eixpresivos e picantes, as mais.

As mozas salen c-o caris encendido, i-encandilados os ollos, mirando con desimulo, rindo pol-o baixo as frores que lles dirixen. ¡Qué gracioso - din algunhas - e botan unha mirada incendiaria, que desmint-o tonillo da protesta. Outras sin nada mais, e sin... como saben rir as aldeanas, con esa sorriso franca que non admite xestos artificiosos nin cómicos ademais.

A vtda aldeana, a xente aldeana, compoñen unha psicoloxía digna d-estudio; pero hai que saber estudial-a, empezando por sentil-a.

XESÚS GÓLMAR RODRÍGUEZ.  
Escolante de Meixome.

Gran Fábrica de Cervezas

# A BARXA

TIPOS:

DOURADA

MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMAIS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO D'A NOSA TERRA.

Esto non hai quen o entenda. O xoves pol-a tarde, o señor Lerroxx fixo aos periodistas unha crara desición nas que o optimismo era a nota destacada.

O viernes pola mañán, os xornaes anuncian que o mesmo día e de un xeito inopinado será prantexada a crise e o mesmo señor Lerroxx dá craramente a entender que a cousa anda mal.

Estes son os modos novos que o reinado da euforia trouxo a ésta Arcadia feliz que se chama Hespaña.

Por certo que o señor Lerroxx nas primeiras declaracións dixo que os barcos teñen a proa no centro,

## SEMTEIRA

### Conversa en col dos aldeáns

«Non se precisa máis que unha semente moi pequena; deixá-dea cair no curazón do aldeán, e non se botará de perda, mais vivirá na súa alma toda a vida, e brillará como unha luciña, como unha gran lembranza nas tébras do seu intimo.»

DOSTOIEWSKI.

Seña isa limpa eishortación, que o atormentado autor de «Os Hirmáns Karamazov» pón na boca do Venerábel Zossima, o pulo incital distas Sementeiiras. Como limiar, a conversa que fai días tiven con un meu amigo.

—Os nosos labregos son xente vendida, non teñen miga de dinamismo espiritual. A iñorancia e a desconfianza axoellan o seu espírito, esfrangullan o que na súa i-alma poida haber de arela renovadora... Xa son incapaces de se deixar guiar.

—Conforme en que hoxe son así, mellor, que están así; pro non coído que por condición natural seña diste xeito. Non foron capaces de crear miles de sociedades agrarias? I-en moitas parroquias, os dirixentes guiaban a todol-os veciños como lles pebaba. Ás veces, ben malamente.

—Si, pro precisamente o agrarismo foi unha das concas dise anullamento do esforzo vital da Galicia.

—Cecáis. Mais non por culpa dos asociados. Sería por falla de dirección nuns casos, e noutros, por culpa dos erixidos en direitores, xentes ás que os problemas do agro non lles preocupaban en toda a súa complexidade, sinón fragmentariamente, según as súas comenencias políticas. Eisi pasou co problema dos foros, tan eisprotado nos mitíns, non pol-o que tiña de social, senón de xudicial e abogadesco.

—Pro vostede coída que si o agrarismo houberase adicado a estudar os problemas económicos e sociais do noso agro, a xente houbéralle prestado a súa asistencia?

—Naturalmentes. A mesma que lle prestou sendo o que foi. Non tan axiña quizaves, pro si con máis fiunza.

Pois eu non. Eu téñome acercado algunhas veces aos traballadores da terra, sempre na mesma bisbarra, onde me coñocen ben. Faléilles de cómo se podía mellorar a raza do gando, de cómo se podían vender cooperativamente os ovos... E sempre as mesmas verbas por resposta: «Ai, vostede si que fala ben! A Sociedade debíalle facer caso a vostede, pois así non podemos vivir... Estamos relaxados... Temos moito qu' aprender...», etc., etc. Mais cando daba a volta, os comentarios de sempre: «Boh, iso non-o podemos facer nós. Todos falan, mais ninguén dá nada.»

—Iso proba que a xente está vencida hoxe; pro non que seña incapaz de soerguerse. A desconfianza é filla da iñorancia. Iso pasou tamén en Dinamarca, i-en Irlanda, i-en todol-os sitios que hoxe temos de pór coma modelos.

—Pro é capaz o noso paísán de levar a termo o esforzo que supón o movemento social realizado pol-os agricultores daneses, holandeses ou da Irlanda? Vostede pensa que a súa

psicoloxía individualista se pode vencer?

—Todol-os agricultores do mundo son individualistas, como o son todol-os homes en canto non ven a eficacia de deixar de sel-o. Eu non coído que o noso labrego seña máis rutinario que o de outro país, si se pon en condicións de deixar de sel-o.

—Ah, claro! Pro, cómo?

—E só un problema de cultura, de emoción cultural, de maxisterio.

—Vostede coída que con escolas de Agricultura...?

—Non, iso viría dempóis. Primeiro é crear unha emoción, unha conciencia labrega peculiar, axeitada a nosa realidade biolóxica, social i-económica. O demáis viría por sí mesmo, naturalmente.

—E cómo sementar isa emoción no meio labrego? Farian falla técnicos capaces de ir de aldea en aldea. E iso non pode facel-o máis que o Estado.

Non; iso tamén virá dempóis. Primeiro abonda con uns cantos homes, cordiais, de boa vontade, que se impoñan a tarefa de, cada un ao seu xeito - e con xeito - ir sementando ideas en pequenas áreas aldeáns. Que lles falen aos labregos con verbas sinxelas, sen oratorias elocuentes, dos seus desacougos, das súas necesidades, dos seus problemas concretos. Dende logo, homes que non vaian a ofrecerlles amparo político, resolucións dende a «Gaceta», senón homes da *maeutica*, capaces de axudal-os a parir ideas propias, de guial-os a facer concentes os anxeos que subconscientemente lles pruen no cerne do espírito.

—E pra iso quen se enrolaría?

—Quén? Nós! Vostede, eu... Os que seamos capaces de ir espallando ledamente, con soego e modestia, a nosa semente ideal... Pensando na parábola de Xesús...

—A cousa é bonita, pro pouco práctica.

—E-o único camiño. Son mester estes homes, poucos, románticos ou tolos, - como se nos chamaba aos da I. N. G. - cando eramos *apolíticos* - que traten de arrincar ás almas do seu buraco individual. O resto xa virá... En Dinamarca foi un home, Grundtvig, - poeta, maestro, apóstolo - o que espertou a conciencia colectiva dos labregos, d-aquele tan probes e iñorantes coma hoxe os nosos. Na Irlanda, Sir H. Plunkett tivo que pronunciar ducias de conferencias deica fundar a primeira cooperativa. O mesmo Raiffeisen...

—E ulo noso home?  
—Eiqui seremos Nós.  
—Entón escomencemos. Que falla?

\*\*\*

Isa foi a nosa conversa. Escomencemos, pois, a sementeira, irmáns. Todos podemos axudar. Sen balbordo, co roer do rato.

Dende A NOSA TERRA espaxareirei tamén a pouca semente de que dispoño.

Teñamos optimismo de abondo pra pensar que a sementeira non se perderá.

X. NÚÑEZ BÚA.

Bén. Pois será certo. Estamos vendo tantas cousas que se cadra esta é tamén unha consecuencia da época inimitable que vivimos.

¡Os barcos a proa no centro...! Cóstanos traballo creelo pero... calquera ergue o dedo para decir que non.

Esto de erguer o dedo tamén é outra xenialidade do emperador da euforia.

Leemos unha estadística na que se dá a filiación dos ministros que houbo dende a proclamação da República.

Houbo en total nada menos que 62. E d-éles son DAZASETE radicaes do señor Lerroxx. DAZASETE. As filiacións restantes ningunha chega nin a metade.

Esto chámase protexer aos amigos e aumentar a nómina de clases pasivas.

E aínda hai quen di que os radicaes non están facendo unha obra patriótica.

Ah! Entre eses DAZASETE señores ex-ministros non figura o señor Ambrosio.

## GALEGUISTA:

**Podes contribuir extraordinariamente á difusión do noso Semanario e da súa laboura patriótica se despóis de o ler o deixas na barbeira, no café ou na sociedade a que adoltes ir ou o reexpides a algún amigo.**